

# A NOVA TERRA

BOLETIN DECENAL

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts.

Coste d'un número 10 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.

América, id. 2 »

Pagos adelantados

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

Redacción e Administración: PASEIO MÉNDEZ NÚÑEZ (Irmandade da Fala)

Número 54

A CRUÑA 10 DE MAYO DE 1918

## IBEIRISMO ATLÁNTICO

DURANTE certo tempo, Galicia chegou a sere unha rexión casi esquencida de Portugal; i-en por iso, o compremento natural de Portugal é Galicia. Tal como existe, Portugal é soio un absurdo xeográfico, etnolóxico e moral, posto qu'o Portugal racional e compreto sería o maxinado polo conde D. Enrique e pol-a sua dona D.<sup>a</sup> Teresa. O íntimo parentesco antre portugueses e galegos enfríouse cò tempo de tal xeito, qu'os primeiros non chegan a distinguir casi a estreita afinidade qu'eisiste antre o seu idioma e o galego. I-en por iso, un e outro teñen íntima semellanza; nos séculos XIII e XIV, os dialeutos falados en Galicia diversen moi pouco, según pode constatar-se ó comparare o Cancioneiro d'Alfonso X de Castela, esquirto en galaico, coas composizóns dos Cancioneiros portugueses e os das bibliotecas do Vaticano, da casa Brancuti e da Axuda, nos que colaboraron moitos poetas de Galicia.

Mais Portugal progresou politicamente, entramentras que Galicia estacionouse. D'elo resultou qu'a l'ngua galega detívose entramentras qu'a portuguesa evoluzionaba. Por isto o galego actual lembra soamente ó portugues arcaico, e o portugués dos nosos días semella galego modernizado e purificado, tal ouservase estudando documentos gardados en Santiago de Compostela, esquirtos no século XV e estudando as autuales literaturas d'amós pobos. De todol-os xeitos, según opinión do filólogo Adolpho Coelho, o galego e o portugués son l'nguas fillas d'unha mesma nai, a l'ngua galaico-portuguesa dos séculos XII ó XIV. Iste documento non ademira a quenes saben como Galicia esquecéuse de si mesma perdendo pouco a pouco o espírito cívico, abandoando estoicamente a sua propia e fermosa terra, emigrando á outra beira do Atlántico, sin rebelárese contra das tiranías, fuxindo da fame, pois como dí o poeta rexional Cerviño González

...é pouco canto gana  
pr'as arcas do señor e pr'as do Rei.

E ista afirmazón sópoua eispresare con

sentidas rimas a musa inspirada de Rosalía de Castro:

*Este vaise e aquel vaise  
e todos todos se van;  
Galicia sin homes quedas  
que te poidan traballar.  
Tés, en cambio, orfos e orfas  
e campos de soledad,  
e mais que non teñen fillos,  
e fillos que non teñen pais.  
E tes corazós que sofren  
longas ausencias mortas,  
viudas de vivos e mortos  
que ninguén consolará!*

As cobizas e os malquereres dos homes crebaron a mais fermosa das nazonalidades

peninsulares: o pobo portugués e o pobo galego non son outra cousa, na sua situazón actual, que duas entidades artificiaes, fillas d'unha mesma entidade étnica, filolóxica e histórica...

Oxe pode decirse que xa Galicia enteira ten concenza da sua persoalidade, que desexa vivire a sua vida integral, ten a sua pleiada de poetas e d'artistas que s'inspiran no seu espírito autóctono, ten os seus pensadores e os seus políticos que loitan polo reconecimento das suas lexítimas aspirazóns. A base do seu rexionalismo é oxe o problema agrario, a loita do proletariado rural contra os grandes terratenentes, qu'erixíndose en caciqueñ usúrpanlle toda función política. Entablada a loita, conecido o empuxe do despertar do espírito do pobo, non é difizle predecire de que ten de sere o trunfo definitivo.

(Do libro catalán *Iberísima* de Ribera i Rovira.)

## OLLANDO REALIDAES

ENTRAMENTRAS o vento bélico brúa e cando todol-os países, incluso os belixerantes, preparáanse con mais ou menos ardimentos pra o periodo que ten de seguire á loita, España, de costas á realidade, permanece sin adoutar resoluzón algunha qu'a prepare pra o mañá de paz que, mais ou menos axiña, téñese d'aveciñar. Ben é certo qu'os preparativos qu'en maior escada se fan, son aqueles referentes á orgaizazón das economías, das economías nazonaes, a acumulazón e preparazón d'enerxías industriaes e mercantiles nos respetivos países, con ouxeto de qu'a loita económica, que ten de seguire forzosamente á loita cruenta, non poida abraiar a ninguén. Mais ainda sendo certo todo isto non por iso son deixadas ou relegadas a lugar secundario as benficiosas medidas conducentes a resolver d'unha vez, dentro do salvador credo das amplas autonomías, aqueles problemas de xeito nazonalista, latexantes de cote, nunca esmorecidos, en todos aqueles estados formados á imaxen e semellanza do artificioso Estado soberán, férreamente unitario, froito direuto da conceución imperialista napoleónica que predominou nos dous derradeiros séculos.

Ainda tendo a crénza, como moitos teñen, de qu'unha das cousas principaes da guerra, ou cicais a principal, foi a rivalidade económica, a arela d'hexemonía mercantil. —¡Ouh ou materialismo histórico do pensamento marxista!— non por iso pódese negar, sin pechal-os ollos á realidade, que no fondo latexa e abálase un principio que tén todol-os caracteres d'algo básico: é o principio das nazonalidades pouto e salvador principio qu'unha vez resolto, tantos conflitos tén de solucionar!

Problemas asentados enriba de tal principio háchase á hora d'agora pranteados en casi todol-os países belixerantes: n-unhos, óllase o caso de Rusia, o problema ficou resolto d'unha maneira violenta, e pol-o mesmo, d'unha maneira complicada e inestable que moi presto ten d'eisixir reutificaciós e troques; n-outros, cal sucede no Imperio británico, ó problema nazonalista qu'Irlanda prantea trátase de donarlle unha axeitada soluzón, qu'axiña ten de ficare establecida co-a implantazón do *home rule*. Do mesmo xeito a custión nazonalista siquirá formentando e abalándose no seo dos demais estados en loita qu'ainda non-a te-



ñen resolta. Quer decir isto que por derriba de todo, a despeito de todo, tal custión, a das nazonalidades, na hora da paz ten que ficar solucionada, violenta ou mainamente, como sexa, mais solucionada ô fin. Chegóu o momento perciso de que problema de tal transcendenza sexa resoltamente afrontado e liquidado.

Os representantes dos países integradores do trabual da paz, que teñen de pôr acougo no mundo mediante a liquidazón de definitiva do preito das nazonalidades, non poderán consentir qu'haxa un soio estado na Europa que deixe sin resolver o seu problema nazonalista, donando a autonomía plena, completa, a total as nazonalidades que

dentro d'el, do estado en cuestiôu, a recramen. E non podéndo consentire, e non sendo xusto qu'o consentisen—pois faguel-o contrario sería donar motivo a incubazón de novas guerras—nada d'eistrano sería que nós ficásemos por ollar como o que por ben non quixeran amañaren os cegos gobernantes españoles tiña que vir a sere amañado e resolto por xentes alleas á Penínsua, cousa que constituiría a patente definitiva d'incapacidade e de minoría d'idade perpetua qu'a España—cicais non moi inxustamente—por tantos motivos otórgaselle.

H.

## ANACOS DE PAROLA

## OPOSIZÓN QUE S' EISPRICA

NON hai qu'eistrañar, non debemos eistrañar qu'a causa do rexionalismo integral ou sexa a do nazonalismo—santa e milagreira verbe que ten a virtude de faguerlles pôr a figa a todol-os labercos—atope a oposizón rexa e forte qu'en Castela, e particularmente na vila podre, tén, Moitas e variadas cousas contribúen a faguer de tal oposizón unha cousa razonabre. Cicais isto lle semelle ô leutor un pouco paradóxico, mais, decididamente, non-o é. A enemiga que Castela, i-en especial Madrid, sinte por todo o que sinifique descentralizazón e rexurdir de nazonalidás ibéricas tén a sua eispricazón sinxela ô que ninguén en xustiza pode negarlle fundamento, base sólida d'afincazón.

Até o d'agora a hexemonía de Castela foi, e sigue sendo, inegabre, tanxibre, verdadeira realidade esmagante co-a que a todal-as horas e a todol-os momentos entropézase. E si non, ollémosos feitos. Eles falan con mais craridade que nada, e a sua eisposizón, aínda ôs mais incrédulos, ten de faguer crêntes, pois nada hai que teña tanta forza de convicción com'o que s'olla e se palpa.

Escomezando por aquelas infuenzas espirituales, verdadeiramente decisivas, que consigo trai a imposizón do idioma, imposizón que como secuela natural leva aparelhada o sello d'unha cultura, no senso mais amplo posibre; até aquelas outras infuenzas e imposizóns de costumes, leises e favoritismos que pouco a pouco, paseniñamente, van realizando labor treidora e perxudicial de desnaturalizal-a yalma das difrentes nazonalidades, pra mellor domealas e amarralas; todo, ausolutamente todo, afirma d'unha maneira rotunda, resolta, puidéramos decir que decisiva, o trunfo da hexemonía de Castela, a eisaltazón do seu funesto imperialismo, eisaltazón que ven a sere algo eisí com'a abreviatura derradeira d'un imperialismo que tantas veces s'intentóu exercer sobor da Europa. ¡Ouh os mouros tempos dos Calros e dos Felipes!

E sendo isto eisí, e sendo o nazonalismo todo o contrario do hexemonismo—valla a verbe; pois iso e o que significa o afán unitarista—craro e lóxico é qu'atope ruda oposizón n-aquel pobo e n-aquelas xentes representativas e sustentadoras d'aquelo mesmo qu'o nazonalismo combate ruda e implacablemente. Ademais, por outra parte, o restabrecimento das nazonalidades

qu'integran Iberia tragnerá a libertade pra todas elas e, pol-o mesmo, o mangoneo d'unha sobor das demais non poderá eisistir, desaparecerá. N actualidade ise mangoneo ven sendo exercido indebidamente sin causa algunha qu'o abone, por Castela, logo Castela ten d'ire de cote contra de todos aqueles moimentos descentralizadores, antiunitaristas—téñase en conta que falamos soasmente da unidade da morte qu'oxe nos esmaga—antihexemónicos e d'igualazón que na Penínsua teñen lugar.

Obrando eisí, atuando d'iste xeito, Castela non fai mais que responder á lei do propio instinto. Castela despoxada da investidura ilexítima qu'oxe ten de Prusia d'España sería—e por disgracia pra ela ten de selo, cicais mais axiña do que coida—algo morto, algo que donaría a lembranza d'un deserto, d'un cimenterio de pobos arrodeado d'unha faixa pletórica de aitividade e vitalismo intensos. Pra ela o trunfo da política qu'o nazonalismo preconiza sería, e ten de sere, un golpe decisivo; de súpeto ficarían desbaratados certos proteucionismos que, si pra ela sôn salvadores sôn, pra nós por exemplo, fatales, o seu mercado de eisportazón política e administrativa tería de pecharese e, por derriba de todo, ollaríase obrigada a sufrir a perda da enorme colonia espiritual que, pr'a España castelana, forman as demais provincias da Penínsua... E agora ollade como certas oposizóns e xentreiras sôn ben eispricabres.

XAN QUINTO.

## A VERDÁ

Veritatem eme, et noli vendere sapientiam.  
(Proverbios cap. XXIII v. 23.)

A verdá é cousa cara,  
mais quen sinte o comezón  
do ben no seu corazón,  
en mercala non repara.

Non sôn montes e moreas  
nin é o ouro e mail-o mouro  
o que custa ise tesouro,  
sinon o sangue d'as veas.

E ista soilo saben dala,  
como os mártires da fé,  
os qu'a verdá van ô pé  
do Monte Sion a busca.

Viste a mentira dourado  
roupaxe, e con él atrai  
ô mesmo qu'a verdá vai  
procurando con coidado.

Difícil de conecer,  
cando co-ela tropezamos,  
tan fermosa é, que coidamos  
qu'a verdá poidera ser.

E si a porta do sentido

non levamos ben aberta,  
collemos por verdá certa  
o que é falso y-é mentido.

E soilo cando xa temos  
a nosa yalma ferida  
pola cóbrega acollida,  
o engano reconecemos.

O delor qu'entón sentimos,  
fainos, pol-o noso mal,  
saber de certo o que val  
a verdá que non collimos.

Si non é tarde, inda vamos  
onde s'alcontre a busca,  
para co sangue mercala,  
que soilo así a recadamos.

Curado o delor profundo  
que por lograla tivemos,  
xa dimpois non-a vendemos,  
por nadiña d'iste mundo.

AVELINO RODRÍGUEZ ELÍAS.



# DIVAGACIÓS

«De qu'aporveita vivire moito tempo si eoidamos tan pouco d'enmendarnos?»

*Kempis.*

A prensa española, sobor todo a madrileña, ennegrecéu un número infinito das suas columnas, tratando d'un asunto, ô parecer d'unha transcendenza enorme, d'unha importancia capital, definitiva, pr'á vida do pobo español. Un astro coletudo, un ídolo de la *afición*, unha encarnazón da España de pandeireta, consorciouse. O pobo, de quen é o ídolo, tiña dereito á fiscalizare a vida do seu icono. Os homes *públicos* deben contar de cote coa conformidade do pobo denantes de realizaren un auto que poida trastocare por complot a marcha ordinaria da sua vida. Mais, o home propón e Deus dispón. O neno Cupido—*jeufentillages!* que dirían alende o Pirineo—n-un momento de bon humor, púxolle ô *diestro* un esmendrellante *par al quiebro* e as antorchas d'Himeneo, en vez das raiolas solares, fixeron escintilar as lentexoulas do seu clásico traxe. Este xeito do tureiro, cicais o único cheo de verdadeiro valimento, porque se non hachaba ebrio de sol nin de aprausos, sinon que fai un pensamento concebido e realizado obscuramente, tivo de sere asubiado... Dias loitosos! Sobor d'España enteira eistendeuse un ceudal mouro, moi mouro, e o corazón dos españoles cubreuse c'un escuro crespón. A natureza mesma quixo—nai amantísima e agarimosa—asociárese ô dor dos seus fillos esgrevios: o trono deixou ouvir a sua voz bronca, lostregueou o raio, marcando no ceio a mostra acesa do seu paso; as nubes—palpebras da Natureza—abríronse pra donar paso ô líquido elemento, que se ceibóu derriba da terra como mesto e acedo pranto... ¡Ouh tempos malfadados de disgracias infinitas! ¡Ouh tempos apocalícticos qu'ouvístedes os abraiantes ruxidos do monstruo do bosque de Cluny e as nupcias cántigas do *diestro*, vosoutros marcaredes unha nova etapa na historia da Humanidade...!

\* \* \*

«Pais deseconocido de cujos lindeiros ningún camiñante torna.»

*Shakespeare, «Hamlet»*

O 20 d'Abril cumpreuse o 302 aniversario de William Shakespeare. O xenio creador d'un verdadeiro mundo d'héroes, como son: Romeo, Xulieta, Shyloep, Porcia, Falstaff, Otelo, Desdémona, lady Macheth, o rei Lear, Hamlet, etc., o que durante a sua vida ergue o teatro inglés «ô mais outo trono da poesía e do arte», despois de morto si que emprestando á sua patria inapreciables

servizos. A sua soma eisténdese—benévola e proteutora—dende o Lands End até o Wraths. O «historiador da Eternidade» como o nomeou Renan, estreita, dend'a sua cova, as relacións antre os pobos aliados, con motivo da celebrazón do seu aniversario. E

## MUSITACIÓS

Fume, azul, fume calado  
que como un místico amor  
cara o ceio vas alzándote,  
pra onde vas, pobre ilusión?  
¿N-o ceio quers desleirte  
pra devolverlle a tua côr?  
Fume, meiguiceiro esprito  
do fogo, que da cinza erguel-o vô:  
anque foran como as tuas,  
aás tivera o corazón  
xa que quer chegar ôs cumes  
que a mesma águia non bicóu...  
Fume azul. ¡Fume que ô ceio  
vas, na escada do ar facendo pé,  
subirás, subirás, e antes que chegues  
â meta túa, ha morrer  
o pobre pau que, pra facerse brasa,  
axuda ô vento pidéu,  
e o vento foino levando  
desfeito na ruín nada do teu sér...  
Fume, fumiño azulado,  
fumiño de brando vô!  
véndote perder no vento  
creio que mirando están  
o subir das ansiedás  
que dín que unha brasa son...  
Ti n'es nada e nada deixas,  
e namental-o teu vô  
busca o ceio, a pobre brasa  
toda en cinza se viróu.  
Mais, inda que así te miro  
fume, é tan meigo o teu vô,  
que, tan sóio por verte ir cara o ceio,  
hei queimal-o corazón...

ANTÓN VALCÁRCEL.

unha ponte ideial tendida antre isas nazóns e qu'as xunta intimamente. O poderoso xenio creador de tantos persoaxes sigue creando aínda; mais os seus héroes d'agora son seres vivos, reais, latexantes, ateigados d'un patriotismo qu'os arrastraría a derramal-o seu sangue xeneroso en defensa dos seus ideais... Como o fillo de Latona gardóu os rebaños do rei Admeto, o de Strassford gardóu—dicen—cabalos â porta dos teatros: e posibre qu'isa tarefa lle facilitase

as suas posteriores relacións con alado Pegaso e o fixese simpático ôs ollos do roibo Apolo. Nosoutros sabemos qu'unha obra magnífica foi concebida e realizada ô arrollo do rítmico golpeteo do maltelo sobor do coiro; e aínda asegúrasenos que, denantes de selo sobor do papel, foi esquirta sobor do coiro. Era merecente tal obra de sere grabada en bronce...

Na man van a dar as nosas vidas, as dos que non repersentamos nada pr'â humanidade, convertidas, como dixo o poeta, en ríos caudalosos, medianos e mais pequenos: en auga, punto d'orixen según o cosmólogo Thales de todo o eisistente; mais as dos xenios, as dos escolleitos, de convertírense en algo, ten de sere, necesariamente, no fogo, ô que atribuíeu Empedocles todo o poder creador. I-en realidade ¿qué son os xenios sinón eiscentilantes lumiarías que coa sua espléndida luz amóstrannos o camiño a seguir nos intrincados e abofexantes sendeiros da vida? Dichoso o pobo cuio esprito pode sere aloumiñado pol-os destelos xeniales dos seus fillos: ise pobo vivirá eternamente. As somas groriosas de Rosalía, Curros, Pondal... son outras lumiarías que nos marcan o camiño que debemos seguire os bos galegos. O sagro fogo d'isas antorchas e a yalma de Galicia.

\* \* \*

...dans tout ce qui est oublié sur la terre, il y a un pen de la mort.

*Alfred de Musset.*

Os pobos que non fan uso dos seus dereitos camiñan hacia unha osificazón moral. As pirámides son o símbolo da civilización exipcia: d'unha civilización litoidea. As de cráneos, que faguía erguer Fimus o Coxo, son o símbolo das civilizacións afincadas no poder das armas... O pobo que non fai uso do seu idioma háchase espiritualmente anquilosado porque fállalle eispontaneidade na eispración dos seus pensamentos: é un pobo cohibido, incapaz d'un xesto fachendoso. Un pobo eisí nin é útil a si mesmo nin ôs demais. Prescindir do seu idioma equivale a prescindir da sua persoalidade; prescindir da persoalidade é prescindir de todo incruso dos seus ideais: un pobo sin ideais non ten razón de sere. E perciso qu'as ideais enxebres vaian vestidas có traxe que lles corresponde. Hai eclecticismos que non poden sere de ningunha maneira: querer axeitare a mantela ou a basquiña co-a monteira ou o refaixo é un absurdo.

Ao César o qu'é do César...

E perciso non esquecer...

En todo o qu'é esquecemento na terra hai algo de morte.

PEDRO V. BETHANCOURT.



## ARREPENTIMENTO

## IÉRGUETE E ANDA, GALICIA!

Os teus fillos, deloridos e chorosos, volve-mos a tí pra decirche que non quere-mos outra nai; que a leitíña con que nos criache e o pan que nos diche se trocaron en nosoutros n'un amor n'o fondo d'a nosa yalma que nin as longedades fixeron crebar, nin as malas compañías esquecer de todo.

Chorache moito tempo véndote aldraxada por aqueles que quentache cós teus beixos e mantuveche n'os teus peitos; pro enjuga as bágoas qu'eiquí nos tes as tuas prantas.

Non chores mais, Galicia. Deixa qu'agora choremos nosoutros pol-o mal que che fixemos e que cheos de door e arrepentemento confesemos homildes os pecados que fixemos contra tí.

Teus fillos somos, d'unha nai sên mellor n'o mundo enteiro, e con todo puxémonos hastra agora moitas veces cobertos de vergonza ô chamarnos fillos teus.

Teus fillos somos, d'unha nai que nos

ensinou a falar a sua doce fala, tan doce e branda que nin que fora feita pra cantar os sentimentos mais fondos d'a yalma e sentil-os mais fondos canto mais se canten; tan doce e branda como nascida pra espremer os encantamentos d'as nosas rías; os feitizos d'os nosos vales, que son, abofé, d'os millo-riños d'a terra que Deus criou: tan doce e armoñosa cal si fora forjada n'os brandos pios d'os paxariños, ou n'as armunías qu'o vento arrinca d'os arbres d'as nosas pradeiras, d'os pinos d'os nosos pinares, d'as *campanas d'Anllóns*—¡hey miña terra!...— pra espallal-as coma queixumes que viñesen d'outros mundos a despertar en nosoutros unha santa lembranza e co'a lembranza facernos abrir os ollos ô ceo.

Teus fillos somos, e n'o teu seo tivemos sempre amor pr'os nosos peitos, agarimos pr'o curazón e pan pr'â vida: o pan que nos diche decote e qu'outros nos quixeran roubar.

E namentras tí nos chamabas aloumiñante, nosoutros fuxíamos en bnscá d'o mesmo que deixábase...

Pro naiciña querida, eiquí nos tes dispo- tos a non pecar mais contra tí, com'o fillo de quen nos fala o Libro Santo.

Acó volvemos cheios d'un amor que xa ninguén será capaz d'aprestar. Só a tí dese- xamos servir escomezando por darch'o qu'ê teu: O noso curazón, a nosa vida.

Xa non queremos ser deic'adiante senon teus, falar a tua língua, cantar as tuas gro- rias e vivir de cote pra tí hastra qu'os nosos corpiños durman n'a pas de Deus dentro d'o teu seo en que nos criache.

Os que tanto mal che fixeron afogando a vos d'os que nunca de tí s'esquencían, os que se chamaban, eles mesmos, a falta d'outros que llo chamasen, «intelectuales», «representantes del progreso...»; ises que tiñan por cenciá non saber de tí, e que, a verdá, non sabían de tí nin de naide, vel-os ahí veñen, aunque mais pouquiño a pouco.

Perdónalles tamén, que non son malos de curazón; son coma ceguños, que teñen que deprender a abrir os seus ollos e deixar de tel-os d'emprestado.

Os que mais tarde virán sonch'os vincu- leiros d'o mangoneo, que lonxe d'axudar- nos a medrar c'os seus alentos e forzas, cuase non-os deixaban alentar, coma si nas- ceran pra vivir a conta d'outros e esmen- drellar os demais, sin dárselles miga pol-as grorias d'a nosa terra, pol-a nosa santa re- xión, Galicia: pra isa casta de xente n'había mais gloria qu'a deles.

Ises sonch'os que cobrían—e algús co- bren aínda—as pingueiras d'a sua casa co'as tellas d'os probes.

Sonch'os que andiveron a pedradas e tiros (eles non, os malpocados qu'os serven) en Celanova, e berreaban coma aloucados hastra desfacer as reunións e asambreas n'o Ferrol e Ourense, sin facer caso d'o bendito nome d'a sua terra.

Ises sonch'os compangueiros que sempre viñeno ofrecendo moitas melloras: carretei- ras pr'os pobos, camiños pr'as aldeas, esco- las pra todos... ¿E que fixeno? Carreteiras... pr'as comenencias d'eles.

Os camiños compuñaños os veciños se querían. Escolas, poucas e a maoría cativas, cando non tiñan que vir d'outro lado a facel-as.

¡Galegos, adiante! O trunfo está preto, pro sen perdél-acasión, contade con seguir pondo, como decote, o lombo d'a casa pra que vol-o *bendisan*.

Si os caciques son maos e cativos, as ti- xeiras son vosas: cortadell'as aas e fora co-eles.

Que mande quen poida, pro, amiguños, que mande con xeito, facendo justiza pra todos: pr'os probes, denantes, e pr'os ricos dempois.

E. VÁZQUEZ GUNDIN.

## Efemérides galegas

## M A Y O

## Día 1

1493. Chega a Tenerife a escuadra de Alfonso Fernández de Lugo. Ao baixar a terra os hespañoles cravaron na praya unha crus â que rindiron piadoso home- nage. D'aquí chamouse o porto *Santa Cruz de Tenerife*.

## Día 2

1866. Bombeo do Callao pol-a es- cuadra española ao mando de Méndez Núñez.

## Día 3

1135. Ponse a primeira pedra do mos- teiro de Monfero.

## Día 4

1494. Batalla de Centejo (Tenerife) ga- nada aos canarios pol-o conquistador Fernández de Lugo.

## Día 5

1694. O inquisidor de Santiago, don Marcos Neira de Outeiro, despídese do tribunal para ir residir a Abadía de San- tillana de que o rey lle fixera mercede.

## Día 6

1793. Sal do Ferrol para América do

Norte a escuadra española ao mando do general D. Gabriel de Aristizábal.

## Día 7

1599. D. Juan Yáñez de Leiro, señor de Jubia, Caranza e Santa Cecilia, outor- ga testamento en Santiago, istituindo va- rias mandas e legados de importancia a favor do municipio e familias do Ferrol.

## Día 8

1369. Fernán Pères de Andrade é re- querido do prior e monges de Sobrado para que desistira da construción de un Castelo na Pena de Leboreiro, coto de Nogueiroza, señorío d'aquil mosteiro.

## Día 9

1739. Os veciños do Ferrol e da Graña son decrarados libres do pago de contri- bucións.

## Día 10

1810. Oficio do Supremo Tribunal de Cádiz, participando ao concello de Vigo a concesión â vila do título de cidade fiel, leal e valerosa pol-a ajuda que pres- taron â causa nacional contra dos france- ses os seus veciños, e dándoos por libre de todo género de servicios.



## OS NOSOS MÚSICOS

CONOCEDES a Pepe Doncel? Pois Doncel, é aquel neno que cantou nos coros d'as nosas eirexas da Cruña; aquel rapaz que cantando de tiple ós 10 anos, manifestouse xa coma un artista. Pasou o tempo e perdendo aquela vos de anxel, adicouse ó violín chegando a sere un d'os artistas que honran á súa terra; a esta Galicia que donou e dona tantos homes de sona. Educado n'aquel temperamento artístico de D. Xavier Ozores Pedrosa; aproveitando as leucios d'aquel venerabel vello violinista, D. Manuel Berea, e co-a súa costanza no estudo, atópase oxe sendo unha persoa no arte musical. A Doncel débenselle algunhas composicións da música galega e moito temos qu'agardare d'él.

No derradeiro mes, ficou consagrado o seu valemto presentándose ó frente d'a colectividade d'estrumentos d'arco conecida pol-a *Filarmónica Cruñesa*. A labor d'iste rapaz, todo espírito, con ise amor grande á nosa Galicia da alma, ten de significare moito no noso arte musical.

A misión da agrupación de rapaces qu'honra á Cruña ten que ser mais outa. Ben está que s'adiquen a dare a conecer as obras d'os crásicos eistranxeiros; mais a súa misión, pra sere froitífera d'abondo, rematará por sere mui outra: a de divulgare a música galega que hai feita, e laborare por completar a que está sen musicar. Temos en Adalid, e nos nosos cantos populares, unha fonte de riqueza, d'a que ten que sair a nosa música rexional. Deic'agora todol-os nosos músicos adicaronse as melodías e a recoller os cantos sinxelos d'as aldeias; pro iso non é o suficiente: hai que facer a música grande, música que, xuntamente c'o teatro galego (grande tamén), espalle por outras terras o noso espírito artístico.

Doncel, todo llo debe ó seu propio esforzo. En moitas ocasións pediuse ós pais da provincia, e ós do concello, unha axuda pr'a facer cicais outro Manolo Quiroga; mais sempre negóuselle tal axuda d'os que emborrachados c'a política, son xordos pr'as manifestacións do espírito.

Se Doncel fora un mercader de concenias, ou xenro d'algún cacique, tería todo canto lle petase, aínda qu'o que lle petase fose pouco aseguibre.

B. VARELA.

~~~~~

Na administración d'A NOSA TERRA temos á venda o libro de poesías DA TERRA ASOBALLADA

de Ramón Cabanillas.

Prezo 1'50 pesetas.

## O NOSO IDIOMA

*MEMORIAS dos viaxes pol-a illa Fernandina, (alias) Cuba, do Alférez do navío D. Xuan Josep Ximénez de Rosas, Tenente a Guerra e auxiliar da Gobernadora interina D.ª Isabel de Bobadilla, escritas no anno 1540 e dedicadas a seu parente e bó amigo D. Xuan de Roxas.*

No pobo de Mantua (Cuba) atopouse un documento c'os títulos que vedes.

N'un dos párrafos di o seguinte:

«En o viaxe que ficimos a sotavento da parte baxa da Isla, a primeiros do anno pasado de mil e quinientos e trenta e nove, fomos ven recibidos pol'os indios de touts aqueles parages, os cuales tanto os homes como as mulleres e nenos chebaban cuberto a mitad do corpo con fermosos ropaxes que facían do algodao e plumas do paxaros. En os sitios que os indios chaman *Damuji*

e *Tinguabo* e *Macurijes* nos daban a gustar viño que facían do palmeira e que chamábanle *Arak*, e tamén tabaco que tiñan a mesma costumbre de quemar e aspirar que os outros destas terras e chamonos moito a atención o ben que filaban o algodao con fusos que facían du'na roda de coco e un fino palillo faciendo ropaxes e cordas e motas e mecheiros dos trastes de facer candela e outras cousas moitas. Sementaban o tabaco e algodao e outras prantas de gordas raíces que comían ben, traballando a terra con ferramentas que facían de pedra e un palo e tiñan moito coidado con as prantas e cando non falábamos como eles, explicábanos o traballo coas maus de'les d'a maneira que tiñan que facelas cousas, tan ben que facíame que eran tan amaestados como nosoutros mesmos.»

## PÁXINA ESCOLLEITA

## XA O SOL...

**X**A o sol puxérase antre o enredo do bosque, sobor do río. Os nenos da ermida voltaran cõ gando, e hachábanse sentados ó fogo, ouvindo ó seu Mestre Gantama, cando chegou un neno desconocido e saudóuno con froles e froitos. Logo, trais un fondo cumprimento, díxolle con voz de paxaro: «Señor Gantama, veño a que me guíes pol-o sendeiro da verdade. Chámome Satyakama.»

«Bendito sexas», díxolle o Mestre.

«¿E de qué casta eres, meu fillo? Porque soio un Bramín pode aspirar á suprema sabiduría.»

Contestou o neno: «Non sei de que casta son, Mestre: mais vou a perguntarllo á miña nai.»

Despidéuse Satyakama, cruzou o río pol-o mais estreito, e voltou á chouza da súa nai, qu'hachábase ó remate d'un areal, fora da aldeia xa dormida.

A lampa alumeaba débilmente a porta, e a nai hachábase fora, de pe na soma, agardando a volta do seu fillo.

Colléuno contra do seu peito, bicóuno na testa e preguntoulle que lle dixera o Mestre.

«¿Como se chama meu pai?, dixo o neno. «Porque me dixo o Sr. Gantama que soio un Bramín pode aspirar á suprema sabiduría.»

A muller baixou os ollos e falóulle

docemente: «Cando xoven, eu era probe e conocín moitos amos. Soio poido decirche que ti viñeches ós brazos da tua nai Jabala, que non tivo home.»

Os primeiros raios do sol aburaban na copa das árbores da ermida do bosque. Os nenos, aínda mollado o revoltado pelo, do baño, da mañá, hachábanse sentados diante do seu Mestre, baixo unha árbore vella.

Chegou Styakama, fíxolle un fondo cumprimento ó Mestre, e ficouse de pe en silencio.

«Dime», preguntoulle o Mestre, «¿sabes xa de que casta eres?»

«Señor», contestou Satyakama, «non-o sei. A miña nai díxome: Eu conocín moitos amos cando xoven, e ti viñeches ós brazos da tua Jabala, que non tivo home.»

Entonces erguéuse un algareo como o zumbido iracundo das abellas fostigadas na súa colmea. E os estudantes murmulaban antre dentes da desvergoñada insolencia do neno sin pai.

Mais o Mestre Gantama erguéuse, trouxo ó neno cos seus brazos até o seu peito e díxolle: «Ti eres o mellor de todol-os Bramíns, meu fillo; porque tes o herdo mais nobre, qu'é o da verdade.»

RABINDRANAT TAGORE.



## A AMNISTÍA

## PR'ÓS OBREIROS

*N*-O derradeiro número da Voz del Obrero aparece un artigo comentando a ley d'amnistía que abriu a porta dos presidios concedendo a liberdade ós que mais a merecían, ós que a ganaron en loita dina contra un réximen caduco, contra uns gobernantes sin goberno e contra d'un caciquismo sin freno. Conformes con todo iso; conformes tamén en que así e todo inda non poida volver a tranquilidade ós espíritus n-amentras sigan encarcerados e opresos por un réximen incivil outros individuos tan merecentes da liberdade com'a os que foron libertados.

Pero doinos en verdade que citen ós presos pol-os sucesos de Cullera, Cenicero, Benagalbón, Castellví e aos de Numancia, e non se lembren pra nada dos probes labregos, paisanos nosos, irmáns nosos; dos labregos de Narón vilipendiados, atopellados, escarnecidos, vítimas sangrantes do caciquismo mais funesto, da mais embravecida tiranía; que teñen que acudir, pra exaltar a sua indignación, a sucesos lonxanos pol-o tempo e pol-a distancia, por moitos desconecidos, por moitos esquecidos, e non acuden a sucesos qu'inda pasaron onte, qu'inda están desarrollándose c-o silencio de todol-os obreiros, co-a impunidade de to-

*dol-os caciquismos, ó rente de nós, n a nosa terra, n-a tranquilidade tráxica das nosas campías irredentes, d'ises campos que todos temos o sagro deber de redimir, que agora queren redimir os obreiros, e que non poden redimirse sin libertar antes ós que os traballan co-a sua labor de escravos e co-a desesperación dos esquecidos.*

*Si foi falla involuntaria pregamos á Voz del Obrero loite tamén pol-os labregos asoballados, que non por ser labregos deixan de ser obreiros e deixan de ser asoballados. Si así o non fan, a liberdade que todos pedimos poidera non ser alumeada pol-o amor universal que tamén todos pregonamos, poidera ser empequenecida pol-o egoísmo de crase que n'é respetable, non por iso deixa de ser discutible.*

*¡Veciñas e veciños de Narón, imaxes da nosa terra asoballada, que sufrides baixo a pouta do caciquismo mais infame: que os vosos corpos qu'inda sangran e as vosas almas desgarradas esperten total-as concenacias pra pedil-a vosa liberdade que é a liberdade nosa. Si eisí n-ô facedes obreiros, si eisí n-ô facemos galegos, Xusticia e Liberdade que cerca vos vemos, pro que tarde nós toparemos!*

LOIS PEÑA NOVO.

## Peneirando...

**E** non sabedes?

Os d'Alicante pedíronlle á Dato que lles nomease un xefe pr'o partido d'aquila cibdade, e Dato, con moi bon acordo, desinoulles a Bugallal...

¡Lástema qu'o non queiran aló e nos fagan o favore de convertil-o en turrón d'aquila terra ou en cartón pedra qu'é o mesmol

Xa estamos vendo ós alicantinos cando queiran meterllo dente, comparando o seu turrón con papas de millo ó carón do novo xefe.

\*\*\*

Xa houbo amnistía.

Besteiro saiu do presidio.

Nosos labregos fican n-el.

Os obreiros galegos reloucan co-a ledicia.

¡Fan ben!

Ó comenzo e ó derradeiro ben estan os unhos fora e os outros drento. Os unhos teñen as armas da predica; os outros as do trigo.

¡Ai do día en que brile vingadora a nosa ineseñal ¡Ai do cacique!

\*\*\*

No Centro Galego (2) de Madri celebraron istos días o XVI aniversario da sua fundazón.

Falaron do amor á Galicia en castelán os qu'a teñen com'un filón. Loubaron cristia-

(5 FOLLETÓN DE «A NOSA TERRA»

## Nosos problemas educativos

Conferenza lida pol-o seu autor o docto catedrático  
¡entusiasta irmán Don JOHAN VIQUEIRA

Non sômente hase de lamentar a situación na que dita esfera da actividade nacional entre nós se hacha; precísase remeiala e formar técnicos. O primeiro a facer pra termos técnicos é simplemente crear o mesmo técnico. Asin se fixo n'os países n'este respeito mais afortunados, onde as escolas pra ilo, pódese dicir, son causa corrente. Lembrémonos que isto é unha necesidade real e positiva e que ou adiantamos o que se precisa na técnica ou morrерemos como nación. Lembrémonos tamén que o enorme factor da forza da Inglaterra, da Alemaña, dos Estados Unidos d'América é a técnica.

Temos entón d'organizar o noso insino técnico. Mas, n'isto non nos esqueza o principio que ten de ser guía en calqueira organización. Non emprincipiemos facendo grandes plans esquemáticos que a cousa ningunha responden e que por conseguinte non jurden. Ao contrario, encomenzemos por chegarnos á terra, ás costumes, ás ne-

cesidades do momento e elaboremos despois sobre todo isto o noso verdadeiro insino técnico. É un deber noso darmos comenzo, canto denantes se poida ao dito traballo pra encher o valeiro n'a nosa vida, do que antes falei.

Nos non imos, por iso, a crear algo novo do todo, senon a fundar na Galicia o que n'outras partes ja nasceu. Si é certo que denantes que nada temos de ollar pra o terreo, é tamén certo qu'unha idea de conxunto existirá desde o primeiro instante no noso esprito e que esta idea guiaranos na nosa obra. O que precisamos nós propôr-nos é a creación d'un tecnicum, d'unha escola técnica en Galicia. O técnico comprenderá, primeiramente o insino elemental técnico, con cursos d'estudo que durarán pouco tempo e que permitirá formar rapidamente técnicos elementaes agrícolas e industriaes. Ademais comprenderá o insino superior técnico no que juntamos as profesíons d'arquitecto e as diversas especialidades da enxeñeiría (enxeñeiros agrónomos, que hoje se forman na región agrícola mais estéril, nos arredores de Madrid, enxeñeiros de camiños, químicos e outras), tendo sempre en conta na organización d'os estudos

as necesidades reaes do país, no momento actual. Porque todas as anteditas profesíons técnicas requiren unha especialización, unha orientación regional. Por exemplo non é o mesmo ser enxeñeiro agrónomo na Andalucía que selo na Galicia.

Cuestión delicadísima é a do profesorado pois precisamos mestres totalmente modernos. Aínda que temos homes de excepcional valore non son éstes no maior número, de geito que creio non debe pensarse n'un corpo de profesores vitalicios, si asin podemos expresarnos. Moito mais preferible sería ter profesores por cada catro anos, podéndose renovar o seu contrato si as cousas van ben durante este tempo. O sistema que propoño é empregado con éxito n'as Universidades da América do Norte. Como o leitor verá val a pena d'intentalo no noso país e precisamente n'unha institución educadora nova, pois as vellas nos defenden quixais esta liberdade.

Preguntaredes: ¿En cal d'as vilas galegas vai crearse esta escola técnica?—Respondeirei eu a esta pregunta dicindo que non sei porque pol-o d'hoje non pode saberse. Require a cuestión estudo d'as realidades do noso país, no que se refire ao actual



namente a terra dos seus irmáns escravizados por eles. ¡Ai d'un Nerón aquí d'í!



Por Narón até ás mulleres recién paridas lévan-as á cárcere. ¡Non se pode faguer máis!

¿Crêdes que por isto hai quen porteste? Non, non hai. ¡Son labregos!

¡Si foran catedráticos ou obreiros cultos (?), xa veríades onde chegaban os berros!

Mais velai, son probiños que se defenden, e... que s'amoquen.

¡Viva a igualdade, a democracia e o demo... que os cárregue a todos cantos pensan de tal xeito! ¡Probe do pobre!

LIT. E IMP. ROEL.-CORUÑA.

## Fábrica de Gorras

— E —

SOMBREIRERÍA

DE

Lois Fernández Vieites

San Andrés, 69-71 — A CRUÑA

### OBRAS NOVAS DE AUTORES GALEGOS

LINARES RIVAS: *Cuentos de amor y de amores*, 3'50 ptas. — A. REY SOTO: *La Loba*, 2 id. — W. FERNÁNDEZ FLÓREZ: *Silencio*, 3'50 id. — A. PÉREZ LUGÍN: *La Casa de la Troya* (7.ª edición), 4 id. — SOFÍA CASANOVA: *De la revolución rusa en 1917*, 3'50 id. — REY SOTO: *Cuentos del Lar*.

Véndense n'a librería de P. CUE & C.ª

Rúa Real, 49. — A CRUÑA

## Consultorio Médico-Quirúrxico

### J. Lastres

Consulta e tratamento d'as enfermidades en xeneral

ESPECIALIDAES

*Pel.* (incruso cáncer, lepra, lupus e úlceras atónicas). — *Peito*, *Estómago*, *Anemia*, *Reumatismo*, *Artritis deformantes*, *Neuralgias*, *Arterio-esclorosis*, *Paralísis*

Electroterapia, Aeroterapia, Sueroterapia, Análisis

RAYOS X

Gabinete Fisioterápico: Consultas de 10 a 12

Tratamentos á prezos e horas convencionaes

Non se fai asistencia ás fogares

Praza d'Ourense, 2-1.º (esquiña a Picavía)

A CRUÑA

## ¡GUERRA AOS CALLOS!

Callos, sabañós e ollos de galo cúranse co

### Bálsamo Oriental

Premiado con Medalla d'Ouro na Esposición de Buenos Aires

Fabricantes: Prudencio López e Fillo - Jerez. Repersentante: Manuel Sánchez - A Cruña.

De venta n'as boas Boticas

## ICANAS Á FORA!

Cos productos premeados con Medalla d'Ouro en Buenos Aires e adoutados pol-o mundo enteiro

### Aceite del Serrallo

— Y —

### La Jerezalina

DE VENTA EN TODO O MUNDO

Únicos fabricantes: PRUDENCIO LÓPEZ E FILLO - Jerez.

Repersentante: MANUEL SÁNCHEZ - A Cruña.

## BALDOMIR

Pòrase axiña a venda unha nova colección de melodías inspiradas en poesías de Rosalía, Curros, Cabanillas e Rey Soto.

## Gran Café Méndez Núñez

REAL, 83

O máis perferido e de maor comodidade pr'ò púbrico. O máis confortabre da Cruña.

Servizo preferente. Artigos garantizados de toda-las marcas.

### GRANDES CONCERTOS DIARIOS

pol-as mellores agrupazóns musicas  
:: :: españolas i-eistranxeiras :: ::

Gran salón de billares no local que ten ó carón na rúa da Marina

## IRMANOS:

Probade o rico VIÑO LÁGRIMA, que sómente o vende

### A Tacita de Prata

Rúa Galera, esquina á Fonte San Andrés

A CRUÑA

## HOTEL CONTINENTAL

Castelar, 8 e Olmos, 28

O MELLOR SERVIDO

— DE —

M. Losada e Fillo

A CRUÑA

## FRÁBICA MECÁNICA

::: DE CALZADO :::

— DE —

## ANXEL SENRA

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

Faise cárrego de toda cras de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotograbado, ansí coma sellos de caucho

## A Papeleira Galega

FRÁBICA DE BOLSAS DE PAPEL

DE TODAS CRAS

FOTOGABADO

BARREIRA, 7

A CRUÑA

Teléf. 434

## Os viños e coñas millores

son os qu'eisporta a casa de PEDRO DOMEQO, de Xerez da Fronteira, fundada en 1730. A casa máis antiga de Xerez.

### O vermouth máis selecto

de mundial e de reconecida sona é o CINZANO (Torino).

### O Anís do Mono

é un eispréndido licore sin rival

### Pra viños de mesa

non hai outros com'ós dos cosecheiros eisportadores Sres. R. LÓPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.—MADRID.

REPRESENTANTE EISCROSIVO (matriculado) de todas istas marcas:

José C. Juncosa

Galera, 39 e 41 - 2.º piso. — A CRUÑA

**FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.)****MÁLAGA**

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas

**ANÍS DOUS MONOS****RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

**Automovilistas:**

As mais fortes, milliores e mais económicas cubertas, son as

**PALMER**

Depósito xeneral en Galicia.

Real, 20 -- A Cruña

**NAZONALISMO GALLEGO**

A NOSA AFIRMACION REXIONAL  
(2.<sup>a</sup> EDICION)

Libriño ben imprentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuícios e opinións de Rodrigo Sanz Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos. — Os pedidos faránse ó autore, no Rego d'Auga, 4-1.º — Cruña. — Os suscritores d'iste boletín poderán adquirilo á metade do prezo sinalado.

**LABREGOS:**

Si queredes encoutar a peste das patacas, vacelos (vides), hortalizas, etc., e dobrar a colleita d'aqueles pro **SULFATO DE COBRE** ductos, empregade o

Pedide prezos e condicións ós

**Grandes Almacés de Ferretería, Vidros e Pinturas**

DE

**Romero Hermanos**

Concepción Arenal, 1 e 3; Iglesia, 90 e 92,  
e Canalejas, 77

**FERROL**

**H. LA PALOMA**

— DE —

**Ramón Morandeira**

Este espléndido establecemento, situado no mais céntrico da poboación, axeitado á outura dos milliores da sua cras, conta con espazosas e aireadas habitazons, boa e abundante mesa, un servizo puntual i esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 - Santiago

**LEUTORES:**

Quen queira ter un traxe bóo e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastrería de

**Xosé Varela**

**CIRCO, 16-BAIXO — VIGO**

**FRÁBICA DE BISELAR, GRABAR E DECORAR CRISTAL**

Espellos de Venecia e de tocador, lisos e biselados.

Rótulos grabados e vidreiras artísticas.

Lúas de grandes tamaños e grosuras.

Vidros impresos e de total-as cras.

Baldosas pra pisos.

**Narciso F. Pereira**

ORZAN, 76 E SOCORRO, 37 E 39

**A CRUÑA**

**FARMACIA «A SILVA»**

Produtos nazonaes i-estranxeiros

Ortopedia en xeneral

**DEPÓSITO**

do Purgante ideal xaponés *Nazarnorima* (puramente vexetal) e do Selo analxésico *Gimen*.

N'esta casa háchase á venda os *Produtos químicamente puros* do acrétao *Laboratorio de Gonzalo Formiguera*.

**GARANTANSE OS PREPARADOS**


**Silva d'Abaixo, 17 A CRUÑA**

Os esquisitos **VIÑOS** do

**VALLE DE MONTERREY - Ourense**

véndense no Rego d'Auga, 44

Probádeo, os que gustedes d'un bon viño de mesa.

**COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE**

**VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE**

**SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA**

**LINEA DE HABANA E VERACRUS**

|                                      |              |
|--------------------------------------|--------------|
| Prezo en terceira á Habana . . . . . | Ptas. 298'60 |
| » » Veracrús. . . . .                | » 313'60     |

Facilítanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba pol-o prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

**D. Nicandro Fariña**

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Quedan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.